

**ROGO DE AER SOBRE CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-2).**

PLENO 06 NOVIEMBRE 2017. ACTA 09/2017

*No pasado mes de xullo levouse a pleno unha pregunta sobre a moción de AER sobre convenios coa administración, que versaba da seguinte maneira: No pleno do 26 de decembro de 2016 aprobouse a moción o regulamento para os convenios coa administración local, sendo o acordo o seguinte: “Elaboración dun regulamento que defina un procedemento xusto, universal, regulado e obxectivo para a canalización de propostas de convenios, a composición dunha comisión plural para a avaliación das propostas, o establecemento de criterios baremables que establezan o interese xeral, entre outros aspectos, todo isto de cara ao establecemento de convenios da administración local con terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.” Estando a piques de entrar no tramo final do ano e xusto no momento en que tocará traballar sobre os convenios para o ano 2018, tendo constancia que hai entidades que xa preguntaron sobre o regulamento que en Redondela rexen os convenios e como acceder a elas, preguntamos: Conta o goberno local cunha proposta de regulamento sobre os convenios coa administración local, e de ser así, poderían proporcionar copia do mesmo? A resposta dada, segundo o que se reflicte na acta, foi a seguinte; “A sra Amoedo Dasilva: Nas xuntanzas para esta cuestión a conclusión era que dado o especial de cada colectivo co que se facía estes convenios se trataría de falar con cada un deles para aumentar a formación. Non se falou de regulamento e non sobre as áreas sociais senón as deportivas para ter un modelo para todas igual.” Resposta que unha vez contrastada coa información que temos das respectivas comisións do presente ano onde se trataron convenios coa administración, non corresponde exactamente co que se foi comentando nas susoditas. Nelas falouse de que este ano (2017) xa non daba tempo a cumprir coa moción aprobada e a establecer ese regulamento ou bases, e que levaría o seu tempo, polo que non serían operativas para este ano (Comisión de facenda do 23-01-2017). Entendíamos, polo tanto, que de momento se deixaría para aplicar a moción o ano que ven (2018). Na Comisión de Facenda de data 01-02-2017, AER indica que segundo esa moción, as memorias dos convenios deberían cumprir unha serie de criterios consensuados, facendo un expositivo dalgúns a modo de proposta. Estes criterios foron remitidos posteriormente oficialmente por rexistro. En vista da proximidade do ano 2018, e tal como se comprometera o goberno local, rogamos que se dea cumprimento á moción: - Establecendo uns criterios a cumprir polas propostas de convenios coa administración local. - Redactando unha proposta de regulamento nos termos definidos na moción, que marquen os criterios de selección de convenios. - Creación da comisión plural que avalíe os convenios, tanto para a súa selección, como para establecer melloras ou as modificacións oportunas na redacción de acordos entre as partes. - Que se dea cumprimento da moción neste último trimestre de 2017. ”*

O alcalde: toma nota